



## **AXUDAS LIBROS DE TEXTO E FONDO LIBROS CURSO 2020/21**

ORDE do 12 de maio de 2020 (DOG 19 de maio) pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar, para alumnado de EP para o curso escolar 2020/21.(codigo de procedemento ED330B)

### **MODALIDADES:**

#### **1. 3º-4º-5º-6º PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO:**

O centro asignará *libros de texto do fondo solidario*, ao **alumnado que o solicita** do seguinte xeito: **Por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias**. Esgotados os libros dispoñibles do fondo solidario o centro adquirirá libros complementarios para garantir:

- Renda per cápita familiar ≤ 6.000 €: **6 libros**.
- Renda per cápita familiar + 6.000 € e = ou ≤ 10.000 €: **4 libros**.
- Alumnado en situación de garda/tutela da Xunta ou **discapacidade = ou ≥ 65 %**: **6 libros**.

#### **2. 1º E 2º AXUDA PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO. Contías:**

- Renda per cápita familiar ≤ 6.000 €: **210 €**
- Renda superior a 6.000 € e ≤ 10.000 €: **140 €**
- Alumnado con **discapacidade ≥ 65 %** **275 €** con independencia da renda.

#### **3. TODOS AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR:**

Alumnado con **renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € ou discapacidade ≥ 65%** **50 €**

### **SOLICITUDE :**

Poden realizala na seguinte páxina: <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>

- **UNICA PARA TODOS OS FILLOS** que estudan no centro.
- Deberá estar **asinada polo pai, nai, titor/a ou representante** legal do alumnado.
- **PRAZO PRESENTACIÓN: 20/5/20** ata **día 19/6/20 (ambos os dous inclusive)**.
- **Documentación:**
  - Anexo I
  - Anexo II (asinan todos membros excepto a persoa solicitante)-
  - **copia do libro de familia onde consten todos os membros computables, a data de 31/12/18** (se non teñen libro: sentenza xudicial, volante de convivencia, ou certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar).

### **CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA.**

- **Dividir renda da unidade familiar (suma membros con ingresos)/membros computables.**
- **Exercicio fiscal 2018. Suma recadros 435 e 460 (base imponible xeral+aforro)**
- *Cando non presentase declaración, sumaranse os ingresos netos obtidos.*
- **Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade ≥ 33 % ou acrediten unha pensión por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.**
- Non terá a consideración de membro computable a persoa proxenitora que **non conviva** co alumnado nos casos de **separación legal ou divorcio**, agás no caso de custodia compartida.

### **Devolución dos libros de texto do fondo solidario do curso 2019/20: ata 19 de xuño de 2020**

A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros para o curso 2020/21.

A dirección do centro